



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 21 DE XUÑO DE 2008

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZÁLEZ (BNG)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

SRES. CONCELEIROS AUSENTES.-

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

SRA. SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

SR. INTERVENTOR MUNICIPAL

FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Miño ás doce horas e cinco minutos do día 21 de xuño de 2008, reúnen-se as Sras. Concelleiras e os Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1. ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: (26/04/2008)

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do pleno correspondente ó día 26 de abril de 2008, pregúntase ós concelleiros asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DENDE A RESOLUCIÓN 361/2008 ATA A 524/2008.

Dáse conta das resolucións da alcaldía dende a resolución 361/2008 ata a resolución 524/2008, quedando o pleno municipal enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA DATA 28/04/2008 RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR POR IMPORTE DE 551.110,53 EUROS.

Dáse conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:“Vista a orden do 18 de marzo de 2008, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se proceda á súa convocatoria, na que se establece que se a solicitude de subvención



se fíxese mediante resolución de Alcaldía, deberá darse conta da mesma o pleno da Corporación, esta Alcaldía procede a dar conta do decreto de data 28 de abril de 2008 polo que se solicita unha subvención, por importe de 551.110,53 euros á Vicepresidencia de igualdade e benestar.”-Os concelleiros asistentes á comisión informativa de asuntos xerais quedan enterados da solicitude de subvención efectuada mediante o decreto de alcaldía de data 28 de abril de 2008.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 procedese a dar conta do decreto de data 28 de abril de 2008 polo que se solicita unha subvención, por importe de 551.110,53 euros á Vicepresidencia de igualdade e benestar, quedando os concelleiros asistentes enterados do seu contido.

4. ADAPTACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO Á NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Dáse conta do ditame Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto o disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro de 2007, na que se establece que os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación.

Visto que dita convocatoria de licitación non se produzo antes da entrada en vigor da LCSP, procede a adaptación de prego de cláusulas administrativas particulares a precitada normativa.

Esta Alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Prestar aprobación ó expediente de contratación tramitado a tales efectos, e, en concreto, e como documentos integrantes do mesmo, ó Proxecto de explotación do servizo, ó prego de cláusulas administrativas particulares adaptado á LCSP e de condicións técnicas que rexerán a concesión do administrativa do servizo.

2º.- Acordar a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento aberto, sistema concurso, de concesión administrativa do servizo público de explotación, conservación e mantemento do Punto Limpo de Miño e transporte dos residuos depositados á planta de recollida correspondente de conformidade coas prescricións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas, con un prezo de licitación máximo de 15.142,65 euros/ ano polo servizo de explotación, conservación e mantemento do Punto Limpo, e 398,31 euros/viaxe á planta de SOGAMA, e 572,31 euros/viaxe á planta de SOGARISA.

3º.- Prestar aprobación ó gasto con cargo á partida 2008/442/227.09 do orzamento en vigor.

4º.- Someter, de conformidade co disposto no art. 122 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, os mencionados pregos a exposición o pública polo período de 8 días hábiles, mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a los efectos de posibles reclamacións.

5º.- Proceder a publicación do anuncio de licitación no B.O.P., no DOGA e no perfil do contratante, conforme ó previsto no art. 122.2 e 123.1 do Real Decreto legislativo 781/1986, de forma simultánea ó anuncio de publicación dos pregos, ós efectos de presentación de proposicións polos interesados durante o prazo de 15 días naturais.”

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Beceiro manifesta que cando xa se tratara esta asunto o seu grupo manifestou que estaba a favor de todo o que se fixera en relación ó punto limpo e que



a asignación que se preveía era unha asignación correcta, por todo elo o seu grupo vai ditaminar a favor deste punto.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais obtén o seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á adaptación do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión do Punto Limpo á nova Lei de Contratos do Sector Público por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado:12 votos a favor do PP, PSOE, BNG, TEGA e ASI –MIÑO.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á adaptación do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión do punto limpo á nova lei de contratos do sector público, por unanimidade dos concelleiros presentes.

5. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENZA POLO POSESIÓN DE ANIMAIS PERIGOSOS E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Dáse conta do ditame Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

A Lei 50/1999 de 23 de decembro ditada ó amparo do artigo 149.1.29 da Constitución española, que atribúe ó Estado as competencias en materia de seguridade pública, asigna no artigo 3 ós concellos a competencia para concede-la licenza administrativa que habilite para a tenencia de animais potencialmente perigosos. Ademais no seu artigo 6 establece que en cada Concello existirá un rexistro de animais potencialmente perigosos.

A Lei 1/1993, do 13 de abril, da comunidade autónoma de Galicia de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro impón á súa vez ós concellos a obriga de recollida dos animais abandonados e no artigo 27 do Decreto 1537/1998 que a desenvolve, obriga a censar a nivel municipal a tódolos animais da especie canina.

A comunidade autónoma de Galicia desenrola ambas leis de forma harmónica no Decreto 90/2002, impondo ós Concello a obriga de regular a expedición das licenzas pola posesión de animais potencialmente perigosos e a súa inscrición no correspondente rexistro municipal.

En consecuencia, e de conformidade coas disposicións citadas e ó abeiro da Lei reguladora das bases de réxime local, esta alcaldía propón ó pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da licenza pola posesión de animais potencialmente perigosos e da súa inscrición no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos do termo municipal de Miño.



2.- Someter dita ordenanza a exposición pública polo prazo de 30 días, ó obxecto da posible presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, con indicación de que no suposto de que non se presenten reclamacións ou suxestión se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais co seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da licenza pola posesión de animais potencialmente perigosos , por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado:12 votos a favor do PP, PSOE, BNG, TEGA e ASI –MIÑO.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da licenza polo posesión de animais perigosos e a súa inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, por unanimidade dos concelleiros presentes.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MEMORIA PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA POLO CONCELLO DE MIÑO CONSISTENTE NA UTILIZACIÓN, MONTAXE E DESMONTAXE DA CARPA MUNICIPAL.

Dáse conta do ditame Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Pola secretaria municipal procedese á lectura de memoria redactada, sinalando que o procedemento a seguir consiste na aprobación inicial da memoria, exposición publica da mesma polo prazo mínimo de trinta días durante os cales poderán presentarse reclamacións, resolución das mesas en caso de presentarse e aprobación definitiva, así mesmo o pleno debe aprobar inicialmente a conveniencia e oportunidade do exercicio, por parte deste Concello, da actividade económica de utilización, montaxe e desmontaxe da carpa municipal e declarar, dende as competencias municipais, a utilidade pública do proxecto.

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais co seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da memoria para o exercicio dunha actividade económica polo Concello de Miño consistente na utilización, montaxe, desmontaxe da carpa municipal, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 os concelleiros presentes acordan por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente a memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, e financeiros, preparada pola Comisión Técnica, nomeada ó efecto, para o exercicio por parte deste Concello de Miño, dunha actividade económica, en réxime de libre concorrência, consistente no uso, montaxe e desmontaxe da



Carpa Municipal. A forma de xestión desta actividade económica en réxime de libre concorrência será a xestión indirecta mediante concesión.

2º.- Aprobar inicialmente, a conveniencia e oportunidade do exercicio, por parte deste Concello, da actividade económica anteriormente descrita, declarando, dende as competencias municipais, a súa utilidade pública.

3º.- Someter a memoria a exposición ó público polo prazo de 30 días, durante o cal poderán presentarse reclamacións ou alegacións.

Queda aprobado o punto da orde do día relativo á aprobación inicial da memoria para o exercicio dunha actividade económica polo Concello de Miño consistente na utilización, montaxe, desmontaxe da carpa municipal, por 12 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI –MIÑO e BNG, e por conseguinte por unanimidade dos concelleiros presentes.

7. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE MIÑO.

Dáse conta do ditame Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Vista a proposta de Ordenanza Municipal reguladora de la instalación de terrazas en el Municipios de Miño.

Visto o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Esta alcaldía propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de la instalación de terrazas en el Municipios de Miño.

2º.- Someter a mesma a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.

3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións se considerárase definitivo o acorda, ata entón, provisional.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, o Sr. Beceiro expón que o seu grupo non ten ningún problema con respecto á aprobación inicial da ordenanza, se be si teñen algunhas discrepancias en relación á taxa, discrepancias que exporá cando se trate dito punto, que efectivamente considera necesaria que haxa unha regulación da instalación das terrazas, xa que na actualidade a mesmas se instalan sen seguir un criterio uniforme para todas elas.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais obtén o seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Miño, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 ábrese a primeira rolda de intervencións:



Polo PSOE, a Sra. Emma González expón que o seu grupo se vai ratificar no manifestado polo Sr. Juan Manuel Beceiro na comisión informativa, no sentido de que a ordenanza é xenérica, non obstante lles parecen caras para os comercios e bares do Concello de Miño as taxas establecidas na correspondente ordenanza fiscal.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, ASI –MIÑO, TEGA e BNG.
Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Miño, por unanimidade dos concelleiros presentes.

8. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE MOBILIDADE DO CONCELLO DE MIÑO.

Dáse conta do ditame Comisión de Asuntos Xerais de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto a proposta de Ordenanza Municipal de mobilidade do Concello de Miño.

Visto o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Esta alcaldía propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de mobilidade do Concello de Miño.

2º.- Someter a mesma a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.

3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións se considerárase definitivo o acorda, ata entón, provisional.”

Polo PSOE, o Sr. Beceiro expón que o seu grupo non ten ningún problema con respecto á aprobación inicial da ordenanza, se be, e tal e como manifestou no punto anterior si teñen algunhas discrepancias en relación á taxa, discrepancias que exporá cando se trate dito punto, se van parécelle que esta ordenanza xa contén as taxas.

A secretaria manifesta que o que contén a ordenanza non son as taxas senón as sancións pola comisión das infraccións tipificadas na mesma, e o réxime sancionador é diferente do tema das taxas.

Polo equipo de goberno o Sr. Veiga expón que na actualidade existen diversos problemas que requiren dunha regulación como o tema dos vaos, o tema da limitación do estacionamento ou o tema da grúa e coa ordenanza o que se pretenden é ter unha base legal para solventa - los.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais obtén o seguinte resultado:7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 3 abstencións do PSOE e Tega.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza de mobilidade do Concello de Miño por maioría absoluta dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado:8 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 4 abstencións do PSOE, BNG e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza de mobilidade do Concello de Miño, por maioría absoluta.



9. DACIÓN DE CONTAS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2007.

Na sesión da Comisión informativa de Contas e facenda de data 18 de xuño de 2008 doouse conta do expediente relativo á liquidación do orzamento do ano 2007, quedando os concelleiros asistentes á comisión de contas e facenda enterados.

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 dáse conta, novamente do conta do expediente relativo á liquidación do orzamento do ano 2007, quedando os concelleiros asistentes enterados.

10. MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

ASUNTO.- MODIFICACION DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2007.

Con data de 12 de maio de 2008 recíbese copia da resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 06 de maio de 2008 pola que se comunica a concesión dunha subvención por importe de 92.909,85 euros para a urbanización, mobiliario e xogos do parque infantil de Rabazal. De acordo co proxecto, o financiamento que tería que ser asumida polo concello é de 32.970,62 euros.

No orzamento do exercicio 2008, aprobado definitivamente, consígnase na partida 432/601.01, 100.000,00 euros para asumir esta obra. O financiamento desta partida realizábase integramente con recursos procedentes de aproveitamentos urbanísticos.

Considerando que a resolución da concesión require que antes do 15 de outubro de 2008 se remita xustificación da subvención, data na que o proxecto deberá terse realizado na súa totalidade, e á vista de que os ingresos do concepto 397.00 non son executivos o que determinan a indispoñibilidade do crédito da partida 432/601.01, faise necesario proceder á realización das modificacións orzamentarias correspondentes e unha modificación do anexo de investimentos alterando a fonte de financiamento deste proxecto de gasto co fin de habilitar o financiamento necesario para poder iniciar o expediente de contratación.

Por outra banda, a BEO 23.6ª determina que *“Cando fora necesario levar a cabo modificacións dos anexos incorporados ó orzamento que non leven aparelladas alteracións no estado de ingresos e gastos do orzamento, a competencia corresponderá ó Alcalde-Presidente previo informe da intervención, sen que sexan de aplicación as normas sobre publicidade, reclamacións....etc previstas para a aprobación do orzamento.”*

Neste caso a modificación do anexo leva aparelladas alteracións no estado de ingresos e gastos do orzamento, polo que a competencia para proceder á aprobación da proposta é o Pleno da Corporación, de acordo co disposto na BEO 23.6ª.

Por todo o anterior, e previo informe da Intervención, a Alcaldía formula a seguinte proposta:

1º Modifica-lo anexo de investimentos do exercicio 2008 alterando as fontes de financiamento do proxecto 8c cuxos axentes financiadores inicialmente son:

Partida	Importe (euros)	Axente	Importe (euros)
432/601.01	100.000,00	397.00	100.000,00

E quedando como segue o financiamento do proxecto trala modificación:

Partida	Importe (euros)	Axente	Importe (euros)
---------	-----------------	--------	------------------



432/601.01	125.880,47	755.01 recursos xerais	92.909,85 32.970,62
------------	------------	---------------------------	------------------------

Achegase como segue o Anexo de Investimentos modificado.”

Polo interventor municipal procedese a explicar o contido o expediente.

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda co seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á modificación do anexo de investimento, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado:12 votos a favor do PP, PSOE, ASI – MIÑO, BNG e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación da modificación do Anexo de Investimento, por unanimidade dos concelleiros presentes.

11. MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL E CADRO DE PERSOAL.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

ASUNTO.- MODIFICACION DA PLANTILLA E DO ANEXO DE PERSONAL DO EJERCICIO 2008.

Aprobado definitivamente o orzamento do exercicio 2008 en sesión celebrada o día 11/02/2008 por esta Alcaldía advírtese da conveniencia de proceder á modificación da plantilla de persoal do exercicio así como do anexo de persoal unido ó orzamento.

As razóns que motivan a presente proposta son as seguintes:

- Segundo o disposto na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, proceder a reclasificación do grupo C2 o C1 dos funcionarios da policía local e a modificación das retribucións básicas correspondentes, mediante a dedución que corresponda do complemento de produtividade, de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto da situación anterior.
- Creación dunha praza de administrativo, persoal funcionario, responsable do catastro.

Exposto o anterior, e tendo en conta o artigo 126.3 do TR781/1986, de 18 de abril, das disposicións vixentes en materia de réxime local, e o artigo 169 do RDL2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse que o Concello Pleno, previo o informe da Intervención municipal e o ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, adopte o seguinte acordo:

1º Aprobar inicialmente as modificacións puntuais da plantilla de persoal e do anexo de persoal nos termos definidos.

Achegase á presente proposta a nova plantilla así como o cadro resumo do anexo de persoal ós efectos de reflexa-lo custe económico.

2º Publicar este anuncio no BOP da Coruña por un período de quince días hábiles a fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. En todo caso, a modificación entenderase definitivamente aprobada se durante ese período non se presentaran reclamacións.



3º Unha vez aprobado definitivamente a modificación puntual da plantilla e cadro de persoal, e de conformidade co disposto no artigo 127 do RDL781/1986 e art.169.4 do RDL 2/2007, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da comunidade autónoma.”

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Informativa de Contas e Facenda co seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e cadro de persoal, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado:12 votos a favor do PP, PSOE, ASI – MIÑO, BNG e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da modificación do Anexo de Persoal e Cadro de Persoal, por unanimidade dos concelleiros presentes.

12. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN E RENOVACIÓN DA LICENZA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSCRICIÓNS REXISTRAIS, MODIFICACIÓNS E CANCELACIÓNS.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Vista a necesidade de proceder a regulación de determinadas taxas municipais, segundo o RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, en relación co artigo 20 do mesmo texto, que dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos, así como a adecuación a realidade socioeconómica do noso municipio.

Esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Proceder a aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 27, reguladora da taxa por expedición e renovación da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, inscricións rexistras, modificacións e cancelacións.
- 2.- Someter dito acordo a exposición pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio no BOP e no Taboleiro Municipal, ó obxecto da presentación de reclamacións e suxestións.
- 3.- As reclamacións e suxestións presentadas serán resoltas polo pleno, incorporando no seu caso as modificacións que procedan. No suposto de que non se presenten alegacións o acordo elevarase a definitivo.
- 4.- Proceder á publicación íntegra do Texto definitivamente aprobado no BOP, para a súa entrada en vigor.

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda co seguinte resultado: 10 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á



aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición e renovación da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, inscricións rexistradas, modificacións e cancelacións, por unanimidade dos concelleiros presentes.

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 pregúntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención e manifestando que non, procedese á votación da proposta de acordo formulada pola alcaldía obténdose o seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, ASI – MIÑO, BNG e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición e renovación da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, inscricións rexistradas, modificacións e cancelacións, por unanimidade dos concelleiros presentes.

13. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 23 REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E A PARA RESERVA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:
PROPOSTA DE ALCALDIA.-

Vista a necesidade da proceder a regulación de determinadas taxas municipais, segundo o RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, en relación co artigo 20 do mesmo texto, que dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos, así como a adecuación a realidade socioeconómica do noso municipio.

Esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder a aprobación inicial das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza fiscal nº 23: taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para a reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- Ordenanza fiscal nº 24: Taxa por retirada de vehículos.
- Ordenanza fiscal nº 25: Taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona hora) no Concello de Miño.
- Ordenanza fiscal nº 26: Taxa pola ocupación do solo público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidades lucrativas no Concello de Miño.

2.- Someter dito acordo a exposición pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio no BOP e no Taboleiro Municipal, durante 30 días, ó obxecto da presentación de reclamacións e suxestións.

3.- As reclamacións e suxestións presentadas serán resoltas polo pleno, incorporando no seu caso as modificacións que procedan. No suposto de que non se presenten alegacións o acordo elevarase a definitivo.

4.- Proceder á publicación íntegra do Texto definitivamente aprobado no BOP, para a súa entrada en vigor.”

Polo interventor municipal procedese a explicar os criterios que se tiveron en conta para elaborar o estudo de custes no que se apoian as taxas recollidas na ordenanza fiscal, sinalando que os estudos económicos se fan en abstracto tendo en conta todos os custes necesarios para levar a cabo o servizo, que obviamente ditos custes se poden optimizar polas empresas, ben compartindo a grúa con mais concellos ou a través doutras técnicas, e despois de obtidos os custes máximos se fan correccións xa



que repercutir a totalidade dos mesmos ós cidadáns sería un abuso fiscal, é dicir, ditas correccións se fan para que os cidadáns paguen o xusto, nin máis nin menos.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, o Sr. Beceiro expón que considera un pouco precipitada a elaboración da ordenanza fiscal, que detectan demasiado afán recadatorio, que é certo que se fixeron fai pouco obras moi importantes e edificios pero que preferirían que se tratará o tema con máis tranquilidade e esperar a ver o que acontece no pobo nuns meses, quizais un ano, e ver como funciona, considera que se van aplicar unas tarifas, a un pobo pequeno como é Miño, que van a supoñer un custe moi importante para os veciños. Con respecto á grúa e avanzando ó punto seguinte, considera que o custe económico que vai supoñer a grúa, xa que non só hai que ter en conta o custe da mesma senón que para retirar os vehículos é preciso que haxa un garda, é excesivo e que non se vai a recadar nin a decima parte de dito custe, de feito son moi poucos os concellos que dispoñen de grúa.

Polo equipo de goberno o Sr. Veiga responde que entón e segundo as súas palabras non hai afán recadatorio, posto que o custe do servizo vai ser moi superior ó que se recade.

O Sr. Beceiro responde que neste suposto desde logo que non.

O Sr. Veiga manifesta que o establecemento do servizo responde a unha demanda dos veciños, e que se adoptaran todas a medidas que se poidan para reducir o seu custe como poda ser mancomunar o servizo con algún concello limítrofe, que existe unha demanda tremenda do servizo xa que hai moita xente que non pode sacar o coche do garaxe porque lle aparcen diante do mesmo, como por exemplo na praia de Miño, e a xente non lle importa que se poñan multas de 90 euros o que quere é que quiten o coche e para iso é necesario establecer unha regulación legal e dispoñer dunha grúa.

O Sr. Beceiro responde que aínda que haxa un vao, iso non supón a necesidade de contratar un servizo de grúa.

A continuación o Sr. Veiga pregunta que como solucionaría el problema de retirar un coche que impide saír dun garaxe sen grúa.

O Sr. Beceiro responde que a xente normalmente respecta os vaos.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda obtén o seguinte resultado: 7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 3 votos en contra do PSOE e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para reserva pública para aparcamento exclusivo por maioría absoluta.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a Sra. Emma González manifesta que o seu grupo vai ratificarse no exposto na comisión informativa de Contas e Facenda, e que lles parecen moi caras as taxas establecidas na ordenanza fiscal.



Polo BNG, a Sra. Rosa María Maseda expón que vai votar en contra.

Polo TEGA, a Sr. José María Laya expón que vai votar en contra.

Polo ASI – MIÑO, o Sr. Antonio Cortizas expón que está de acordo co ordenanza fiscal, que en moitos concellos, como por exemplo Betanzos, cobran taxas polo aparcamento, que el non aprecia afán recadatorio na ordenanza senón a intención de regular a organización do pobo, e que dita organización é algo necesario.

Polo equipo de goberno o Sr. Alcalde responde que unha cousa é recadar e outra é establecer taxas para regular unha serie de servizos que son imprescindibles, eu respecto moito a criterio de Juan Beceiro en canto que a xente tende a ser respectuosa en relación ós vaos, pero teño que dicir que iso non é o que estamos observando precisamente neste pobo, sobre todo en período estival onde temos problemas moi serios co moita xente que non pode saír da súa casa porque se atopa cun coche estaciona ni máis nin menos diante do seu garaxe, a nos parécenos que non hai afán recadatorio pola nosa parte, e cremos que é un servizo absolutamente necesario para a cidadanía.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI –MIÑO, e catro votos en contra do PSOE, TEGA e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para reserva pública para aparcamento exclusivo, por maioría absoluta.

14. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24 REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

PROPOSTA DE ALCALDIA.-

Vista a necesidade da proceder a regulación de determinadas taxas municipais, segundo RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, en relación co artigo 20 do mesmo texto, que dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos, así como a adecuación a realidade socioeconómica do noso municipio.

Esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder a aprobación inicial das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza fiscal nº 23: taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para a reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- Ordenanza fiscal nº 24: Taxa por retirada de vehículos.
- Ordenanza fiscal nº 25: Taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona hora) no Concello de Miño.
- Ordenanza fiscal nº 26: Taxa pola ocupación do solo público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidades lucrativas no Concello de Miño.

2.- Someter dito acordo a exposición pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio no BOP e no Taboleiro Municipal, ó obxecto da presentación de reclamacións e suxestións.



3.- As reclamacións e suxestións presentadas serán resoltas polo pleno, incorporando no seu caso as modificacións que procedan. No suposto de que non se presenten alegacións o acordo elevarase a definitivo.

4.- Proceder á publicación íntegra do Texto definitivamente aprobado no BOP, para a súa entrada en vigor.

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda co seguinte resultado: 7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 3 votos en contra do PSOE e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola retirada de vehículos por maioría absoluta.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a Sra. Emma González manifesta que lle gustaría que se quitase as palabras Concello de Betanzos da ordenanza fiscal de Miño, que é claro que a ordenanza se copia da de Betanzos facendo un corta e pega.

Polo equipo de goberno o Alcalde responde que as ordenanzas dos concellos son unha copia unhas de outras, que iso é algo que fan todos os concellos.

Polo TEGA, o Sr. Laya pregunta onde se depositarán os coches.

O alcalde responde que en Betanzos, que así a xente o pensará máis á hora de cometer unha infracción.

Polo TEGA, o Sr Laya contesta que entón mellor levar os coches a Coruña ou Santiago.

O Alcalde responde que a Madrid si se puidese.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI –MIÑO, e catro votos en contra do PSOE, TEGA e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola retirada de vehículos por maioría absoluta.

15. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 25 REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS EN ZONAS DE APARCAMENTO LIMITADO.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

PROPOSTA DE ALCALDIA.-

Vista a necesidade da proceder a regulación de determinadas taxas municipais, segundo RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, en relación co artigo 20 do



mesmo texto, que dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos, así como a adecuación a realidade socioeconómica do noso municipio.

Esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder a aprobación inicial das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza fiscal nº 23: taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para a reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- Ordenanza fiscal nº 24: Taxa por retirada de vehículos.
- Ordenanza fiscal nº 25: Taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona hora) no Concello de Miño.
- Ordenanza fiscal nº 26: Taxa pola ocupación do solo público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidades lucrativas no Concello de Miño.

2.- Someter dito acordo a exposición pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio no BOP e no Taboleiro Municipal, durante 30 días, ó obxecto da presentación de reclamacións e suxestións.

3.- As reclamacións e suxestións presentadas serán resoltas polo pleno, incorporando no seu caso as modificacións que procedan. No suposto de que non se presenten alegacións o acordo elevarase a definitivo.

4.- Proceder á publicación íntegra do Texto definitivamente aprobado no BOP, para a súa entrada en vigor.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

O Sr. Laya comente que existe un erro na ordenanza fiscal xa que a el non lle saen as contas.

O interventor municipal, previa comprobación do manifestado, responde que efectivamente hai un erro que onde pon 1020 euros, non debe poñer euros, polo que dita palabra debe omitirse, xa que a cifra de 1020 responde o rendimento.

Polo PSOE o Sr. Beceiro manifesta que non é necesario o establecemento dunha ordenanza fiscal, que noutro Concello como por exemplo en Ferrol se establecen límites horario ó estacionamento sen necesidade de cobra taxa por elo.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda obtén o seguinte resultado: 7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 3 votos do PSOE e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 25 reguladora do estacionamento de vehículos en zonas de aparcamento limitado por maioría absoluta.”

Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a Sra. Emma González manifesta que no casco urbano na zona centro de Santiago hai zonas de estacionamento limitado pero que non se cobra, e quere saber si os residentes van ter zonas de aparcamento reservadas como en Betanzos ou Ferrol.

Polo equipo de goberno o Alcalde contesta que non, que considera que as persoas que teñen que ter o dereito ou capacidade de aparcamento son os clientes das tendas, que non se pretende garantir o dereito de aparcamento ós propietarios dos establecementos, os cales xa dispoñen de zonas de aparcamento gratuíto como pode



ser o aparcamento subterráneo, e consideran que a formula reflectida na ordenanza é correcta.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 9 votos a favor do PP, BNG e ASI –MIÑO, e tres votos en contra do PSOE, TEGA .

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 25 reguladora do estacionamento de vehículos en zonas de aparcamento limitado por maioría absoluta.

16. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 26 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, HAMACAS E TABOADOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Dáse conta do ditame Comisión informativa de Contas e Facenda de data 18 de xuño de 2008 no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

PROPOSTA DE ALCALDIA.-

Vista a necesidade da proceder a regulación de determinadas taxas municipais, segundo o RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, en relación co artigo 20 do mesmo texto, que dispón que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos, así como a adecuación a realidade socioeconómica do noso municipio.

Esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder a aprobación inicial das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza fiscal nº 23: taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e para a reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- Ordenanza fiscal nº 24: Taxa por retirada de vehículos.
- Ordenanza fiscal nº 25: Taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona hora) no Concello de Miño.
- Ordenanza fiscal nº 26: Taxa pola ocupación do solo público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidades lucrativas no Concello de Miño.

2.- Someter dito acordo a exposición pública polo prazo de trinta días, mediante anuncio no BOP E NO Taboleiro Municipal, ó obxecto da presentación de reclamacións e suxestións.

3.- As reclamacións e suxestións presentadas serán resoltas polo pleno, incorporando no seu caso as modificacións que procedan. No suposto de que non se presenten alegacións o acordo elevarase a definitivo.

4.- Proceder á publicación íntegra do Texto definitivamente aprobado no BOP, para a súa entrada en vigor.”

A continuación preguntase ós concelleiros presentes se queren facer algunha intervención, e manifestando que non, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Contas e Facenda co seguinte resultado: 7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO e 3 votos en contra do PSOE e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 26 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, hamacas e taboados con finalidade lucrativa por maioría absoluta.



Na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2008 ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a Sra. Emma expón que o seu grupo a taxa lle parece excesiva, e que se se pretenda que veñan xente a Miño a disfrutar das terrazas haberá que dar facilidades para que as haxa e cobrando taxas tan elevadas non se facilita.

Polo equipo de goberno o Sr. Alcalde responde que aínda que a taxa poda parecer excesiva está dentro de certos límites, así por poñer un simple exemplo en Sada con goberno de PSOE – BNG por metro cadrado de superficie ocupada se cobran 6,5 euros, nos cobramos o 30% menos, 4,5 euros.

Polo PSOE, a Sra. Emma González manifesta que Miño non se pode comparar con Sada.

O alcalde responde que nos entendemos neste puntos a postura persoal pero non tanto a política xa que as taxas o que regulan é a prestación dun determinado servizo público e non teñen como finalidade un afán recadatorio.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI –MIÑO, e catro votos en contra do PSOE, TEGA e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 26 reguladora por da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, hamacas e taboados con finalidade lucrativa maioría absoluta.

17. CONTROL Ó EQUIPO DE GOBERNO.

A continuación e antes de proceder ó debate das mocións presentadas, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procedese a votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, BNG, TEGA e ASI – MIÑO.

MOCIÓNS DO PSOE.

MOCIÓN Nº 1

Con data 16 de xuño de 2008, Rexistro de entrada de 20 de xuño de 2008, dona Emma González Álvarez, portavoz do grupo do Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formulou ante o Pleno para o seu debate a seguinte MOCIÓN:

“A Consellería de Educación acaba de convocar pola orde do 26 de maio un programa de apertura de centros educativos públicos, fóra do horario lectivo para a realización de actividades educativas, culturais, deportivas ou sociais para axudar a proporcionar unha formación integral ao alumnado.

Dende o grupo do Psdeg-Psoe propoñemos presentar un plan ambicioso, sobre todo para o alumnado que está en risco de fracaso escolar, coa intención de plantexar



actuacións dirixidas ao fomento do éxito escolar en alumnos con pouco aprecio polo aprendizaxe.

Polo que formulamos a Moción a este Pleno para que a someta a consideración e sexa aprobada.”

Na sesión plenaria celebrada o día 21 de xuño de 2008, debateuse esta moción nos seguintes termos:

